

---

**CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, E O CONCELLO DE \_\_\_\_\_ PARA O SUBMINISTRO DE FUNDENTES E A SÚA APLICACIÓN NAS REDES MUNICIPAIS NA TEMPADA 2019-2020.**

No Pazo Provincial de Ourense, \_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

**REUNIDOS**

Rosendo Luís Fernández Fernández, Vicepresidente 1º da Deputación Provincial de Ourense.

\_\_\_\_\_, Alcalde/esa do Concello de \_\_\_\_\_ e representante da administración titular das vías locais.

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.** Ambas partes recoñecen mutuamente plena capacidade para a formalización do presente convenio.

**SEGUNDO.** Os obxectos do convenio son a colaboración no subministro de fundentes e a súa aplicación nas estradas de titularidade municipal cando exista dispoñibilidade de medios.

**TERCEIRO.** Que de conformidade co disposto no artigo 36.1e da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e nos artigos 113 ó 115 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia é competencia das Deputacións Provinciais con carácter xeral “a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica os Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión”.

**CUARTO.** Na Lei 8/2013 de 28 de xuño de estradas de Galicia no seu título primeiro (artigo 9.2) define o servizo público viario como unha competencia da administración titular da estrada.

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.** Obrigacións do concello:

1. Nomeamento dun responsable que actúe como interlocutor coa Deputación e coñecedor da rede viaria municipal
2. Cumprir cos protocolos que se establecen nas cláusulas.
3. Estar ao día no pagamento dos servizos de tratamento de neve, xeo ou subministro de sal dos anos pasados.
4. O ingreso das cantidades correspondentes reflectidas neste convenio participando no pagamento do subministro ou das actuacións de viabilidade invernal.

### **SEGUNDA.** Obrigacións da Deputación:

1. Posta a disposición do concello nun prazo de 24 horas a cantidade de fundentes solicitada a contar dende a xustificación do pagamento da parte correspondente por o Concello.
2. Aplicación do tratamento con fundentes con carácter preventivo ás 24 horas da solicitude se a estrada ten máis de 3 m de firme e posibilidade de cambio de sentido ou saída directa, sen necesidade de dar a volta.
3. Aplicación de fundentes para tratamentos de curado, segundo a dispoñibilidade de efectivos, se a estrada ten máis de 3 m de firme e posibilidade de cambio de sentido.

### **TERCEIRA.** Vixencia do convenio:

O convenio estará vixente durante a tempada de viabilidade invernal 2019-2020.

### **CUARTA.** Protocolo de subministro de fundentes:

1. Remisión polo concello vía Rexistro electrónico ao Negociado de Contabilidade da solicitude de subministro de sal con indicación do tipo de sal e cantidade que se desexa.
2. Contestación vía Sede electrónica ao Concello con indicación do importe a ingresar na conta núm. 2080 5251 44 3111386113 da Deputación Provincial.
3. Remisión, por Rexistro electrónico, polo Concello ao Negociado de Contabilidade, do xustificante de ingreso.
4. Recollida do sal no almacén máis próximo e con dispoñibilidade de fundente.

**QUINTA.** Protocolo de aplicación de fundentes:

1. Remisión polo Concello vía Rexistro Electrónico ao Negociado de Contabilidade da solicitude de aplicación de sal con indicación da estrada coas súas características de ancho e posibilidades de cambio de sentido.
2. Aplicación do produto (24 horas no caso de tratamentos preventivos e segundo a dispoñibilidade de medios no caso dos curativos.)
3. Contestación vía Sede Electrónica ao Concello con indicación do importe a ingresar na conta núm. 2080 5251 44 3111386113 da Deputación Provincial.
4. Remisión, por Rexistro Electrónico, polo Concello ao Negociado de Contabilidade, do xustificante de ingreso.

**SEXTA.** Pagamento de cada administración:

Queda reflectida no seguinte cadro a aportación do Concello:

<i>ACTUACIÓN</i>	<i>CONCELLO</i>
T sal a granel	*60,80 €/T
T sal en big-bags	*73,70 €/T
T sal en sacos de 25 kg	*85,60 €/T
Tratamento preventivo nunha estrada	*5,50 €/km
Tratamento curativo de xeo nunha estrada	*8,40 €/km
MI de retirada de neve (menor ou igual 15 cm) e aplicación de sal nunha estrada	*12,40 €/km
Retirada de neve (máis de 15 cm) e aplicación sal, nunha estrada	Establecerase en cada caso

*\*Todos os prezos teñen o IVA excluído*

Coa achega económica do Concello, a Deputación poderá contratar unha empresa colaboradora para o subministro de fundentes ou realización das tarefas de mantemento da vialidade invernal ou simplemente actuar con medios propios.

**SEPTIMA.** Comisión de seguimento:

Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante da Deputación de Ourense e outro do Concello.

As súas funcións serán entre outras as seguintes:

1. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
2. Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do presente convenio

**OCTAVA.** Natureza do convenio:

Este convenio ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes a xurisdición contencioso-administrativa.

O vicepresidente 1º da Deputación

O/A alcalde/esa do Concello

Rosendo Luís Fernández Fernández

\_\_\_\_\_